

Jaureguizar gaña o 'García Barros' parodiando as novelas de espías

O escritor ambientou a obra 'Cabaret Voltaire' no porto de Ribadeo dos anos 30

REDACCIÓN ELUGO

O escritor e redactor de **El Progreso** Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965) foi recoñecido onte co Premio García Barros de Novela, dotado con 9.000 euros, pola súa obra *Cabaret Voltaire*, na que desenvolve unha parodia das novelas de espías.

O texto, que está integrado por uns 150 folios e foi presentado ao premio baixo o título *A fanfarria da carraxe*, é unha reflexión acerca da identidade, tanto sobre a súa procura como sobre os conflitos que xera ao chocar con outras.

Comercio

A novela está ambientada nos anos 30, cando Ribadeo era aínda un porto internacional dende o que se comerciaba co norte de Europa. Nesa altura, un home acorda na habitación dun hotel da vila sen ser quen de determinar a súa identidade.

Ao saír logra informarse de que é un enxeñeiro chegado para controlar o tráfico de peirao. Ou iso pensa, porque máis tarde é informado de que é un axente dos servizos de intelixencia rusos que ten a encomenda de evitar que os nazis envíen a Berlín unha valiosa peza castrexa. Pouco tarda en saber que chegou a Ribadeo por encarga da espionaxe inglesa ou mesmo en coñecer unha suposta nacementa francesa.



Santiago Jaureguizar gañou o Premio Xerais no 2003

No *Cabaret Voltaire* de Ribadeo cócese a unha peculiar serea que ofrece un espectáculo bailando nun tanque de auga coa que empeza unha relación amorosa para remataren fuxin-

do ao Berlín que sofre o ascenso do Partido Nacional-socialista.

O escritor apuntou que "detrás de esa trama hai unha reflexión sobre o xeito no que o

APUNTES

«O xurado estivo formado este ano por Xulia Marqués Valea, Fernando Acuña Castroviejo, Camilo Franco Iglesias, Carlos Lema Malvar e Valentín García Gómez, escolleu o traballo titulado *Cabaret Voltaire* nunha votación na que tamén se barallaron as obras finalistas, que foron as presentadas baixo os títulos de *A vida secreta*, *As Memorias da Serpe*, *Mudanza*, *A Saga dos Castro Guimerans* e *O Soño de Caim*.

«Este galardón recoñeceu o ano pasado *Unha viaxe en Ford T* de Xerardo Agrafoxo, sendo o Premio Nacional da Crítica Xabier López López o gañador do 2003 con *A vida que nos mata*. O *García Barros* ten premiado nas 16 edicións anteriores figuras das letras galegas coma Xavier Alcalá, Xabier Queipo, Xosé Carlos Caneiro, Manuel Forcadela, Anibal Malvar, Antón Riveiro Coello, Bieito Iglesias ou Xosé Miranda.

«conflito de identidades está abalando Europa e substituíndo aos conflitos de ideoloxías políticas, aínda que o resultado venen sendo choques tan violentos como os dos primeiros anos 30".

HOY EN LUGO

CINE

'Suite Habana' cierra un ciclo documental en Caixa Galicia

«El filme *Suite Habana* de Fernando Pérez cierra a las ocho de la tarde en la Fundación Caixa Galicia de Lugo un ciclo de cine documental que vino organizando la entidad. En la cinta se entrecruzan personajes anónimos en el transcurrir del día y la noche. Varios seres sumamente peculiares alternan sobre el tejido vivo que conforma La Habana de hoy en día.

DEBATE

Sarille y Penabade analizan el plan de defensa del gallego

«El presidente de la Fundación Vía Galega, Xosé Manuel Sarille, y el responsable de la Asociación Galega da Língua, Bernardo Penabade, debatirán sobre el plan actual de normalización lingüística en el local del colectivo Alto Minho en un encuentro que comenzará a las ocho y media de la tarde. Este acto forma parte del tercer Mes da Língua que celebra esta asociación.

MÚSICA

'Anatoli' se da a conocer actuando en el 'Clavicémbalo'

«El grupo *Anatoli* se presenta por primera vez en Lugo en un concierto que comenzará a las once de la noche en el club *Clavicémbalo* y al que se puede acceder de manera gratuita. Este grupo se formó en enero de 2003, como un grupo de pop-rock que se sirve de las nuevas tecnologías para componer e interpretar sus propias canciones.

LITERATURA

Pérez Prieto presenta un libro contra el pensamiento único

«Victoriano Pérez Prieto presenta su recopilación de artículos *Contra a síndrome NNA(Non hai Ningunha Alternativa)*, un libro de crítica al pensamiento único a las ocho de la tarde en la galería Sargadelos de Lugo. En el acto aportarán sus pareceres sobre la obra Bernardo García Cendán e Valentín Arias Pontón y el autor.

Otero-Yglesias 'xeometriz' as virxes renacentistas nunha mostra en 'Clérigos'

S.J. ELUGO

O pintor Jesús Otero-Yglesias amosa dende onte unha vintena de cadros nos que xeometrizan imaxes da Virxe, na galería *Clérigos* de Lugo. O artista indica que se situou entre a figuración e o abstracto, "nese umbral que é o leit-motiv da miña traxectoria, máis figurativo ás veces, máis abstracto noutras".

O motivo que situou no caso desta exposición, que permanecerá visitable ata a fin de xullo, é relixioso, aínda que é un pretexto máis ben porque o que me interesa son os xogos coa xeometría e a luz e para iso uso o tema das anunciacións e as vir-

xes". O seu segundo franco de interese son "as relixións dos artistas, que son as iconas da arte; no caso da arte moderna son as xeometrias: os cadrados e os rombos".

O creador lucense afincado en Madrid sinalou que parte da pintura flamenca, para ofrecer "todo mesturado en xeometría" e facelo "en catro series: unha de anunciacións co símbolo da estrela e a virxe na paiaxe; *stabat materes*, con virxes de elementos xeométricos con caveiras; virxes lectoras que converto nun elemento xeométrico descomposto no que tamén uso os libros con forma de rombo; iconas de virxes cun halo de luz, no



Otero-Yglesias manterá a súa mostra ata fins de xullo

que especulo representándoo con puntos, como corpúsculo máis que coma onda".

Considera Otero-Yglesias

que esta mostra "é unha evolución para a que me baseo na obra destes anos coa xeometría como punto de partida".